


STO 29 : 9 : 2016
Repensando a relación
entre o turismo e a cidade
Xornada de debate participación
Parque de Belvís



CONCLUSIÓN

TURISMO E SOSTIBILIDADE

- **Xestión integral do turismo.** Nas cidades turísticas, o turismo é unha área transversal a outras áreas administrativas, polo que a súa xestión debe ser abordada desde unha óptica integral.
- **Manexo dos fluxos turísticos.** As cidades interesantes *para visitar*, son aquelas que son agradables *para vivir*. Cómpre fomentar o coidado da vivenda e dos espazos públicos, traballando pola desconcentración dos fluxos turísticos. No caso de Santiago de Compostela existen puntos de interese, como a Cidade Cultura ou os espazos verdes, que deben ser incorporados ao relato turístico.
- **Visión de destino.** O destino é mais que o municipio, polo que a xestión do territorio desde o punto de vista turístico debe ir mais alá do ámbito municipal, favorecendo o deseño de produtos e experiencias compartidas que se traduzan nunha maior satisfacción para o/a turista e nun incremento da estadía media.
- **Coñecemento da demanda.** O coñecemento dos diferentes tipos de turistas e das súas necesidades específicas deben ser as bases sobre as que articular unha oferta turística de calidade, sostible e capaz de responder ás expectativas dos visitantes.
- **Dimensión da oferta.** A oferta debe ser acorde á demanda en dimensión, polo que cómpre analizar se en tempada baixa existe un sobredimensionamento da oferta hosteleira que estea a conducir a unha baixada dos prezos e a un problema de calidade do emprego. Doutra banda, cómpre analizar o caso da oferta de aloxamento ilegal.
- **Orientación da promoción.** Santiago de Compostela é un destino coñecido, no que o reto pasa por incrementar a estadía media. A estratexia pasa por ofrecer aos Touroperadores cos que xa se está a traballar en Feiras, presentación e demais eventos promocionais, así como aos turistas que xa están na cidade, os produtos e actividades de turismo activo que contribúan a prolongar a estadía media
- **Conservación dos destinos.** Os/As turistas deben contribuir á conservación, mantemento e mellora da cidade que visitan, explorando novas formas de fiscalidade sobre as estancias que permitan o mantemento da cidade e a calidade do turismo.

A CIDADE PUNTO DE ENCONTRO

- **Turismo de negocios como oportunidade.** Nun momento no que crecen os congresos nas cidades medias, Santiago de Compostela conta con infraestruturas adecuadas ás necesidades do sector MICE e cunha oferta de aloxamento de calidade, xa sexa por categoría ou pola existencia de establecementos con encanto.
- **Estratexia de desestacionalización.** A tempada alta do turismo de reunións prodúcese entre setembro e novembro e de marzo a maio, o que axuda a crear demanda máis alá dos meses estivais e a paliar a sobredimensión da oferta.
- **Contribución ao incremento do gasto.** O/A turista de negocios permanece máis días no destino, efectúa un gasto maior e complementa a súa estancia con outras visitas.
- **Fomento da conectividade.** Para o desenvolvemento do turismo de negocios é fundamental que exista unha boa conectividade, polo que é fundamental o apoio aos grandes nodos de comunicación (aeroporto e AVE).
- **Tendencia ao crecemento.** Máis reunións, máis reducidas pero máis frecuentes.

CIDADÁNS E TURISTAS

- **Complicidade dos cidadáns.** Para que os/as turistas perciban os destinos turísticos como atractivos é preciso contar coa complicidade dos habitantes; isto require que a poboación local vexa no turismo unha actividade xeradora de emprego estable e de calidade.
- **Turista multiconsumidor.** O/A turista consume diferentes produtos en diferentes lugares e en diferentes momentos, polo que cómpre traballar na diversificación da oferta de produtos e experiencias.
- **Medida do éxito.** Tradicionalmente o éxito xustificábase atendendo ao incremento do número de turistas, pero existen outras medidas como o gasto medio ou o índice de satisfacción; este último axuda ao mesmo tempo a detectar problemas de saturación.
- **Gobernanza en rede.** A eficiencia na xestión pasar por establecer un sistema de gobernanza en rede, na que participen a cidadanía, o sector turístico e a Administración, e na que exista un novo liderado, con líderes capaces de abordar dita xestión.